

MAXIA NEGRA

Da man de María do Cebreiro chéganos *Damas negras (Música e poesía cantada por mulleres)* un volume antolóxico que recolle textos de autoras fundamentais do jazz, o blues, o gospel, o soul, o pop e o rock como, por exemplo, Bessie Smith, Janis Joplin, Billie Holiday, Ella Fitzgerald, Sarah Vaughan, Tina Turner, Sade ou Lauryn Hill. Polas súas propias características intrínsecas, é esta unha colectánea novidosa que comeza a establecer pontes entre a música e o verso, artes de raíz común e vencellos claros, para ir integrando as letras de canción na categoría de poema. Traducidas do inglés pola antóloga, as palabras destas “*damas*” sedúcennos a través da “*maxia negra*” que posúen. T.S.

Tempos Novos, 71, abril 2003, p. 80